

Anuncio do 5 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, polo que se fai pública a Decisión do 2 de xaneiro de 2009 de non someter a modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Vila de Cruces, referida ao núcleo rural de Cirela, do concello de Vila de Cruces (Pontevedra), ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

En cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei 9/2006, do 28 de abril, de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, faise pública a decisión de non someter a modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Vila de Cruces, referida ao núcleo rural de Cirela, do concello de Vila de Cruces (Pontevedra), ao procedemento establecido no seu artigo 7.

Esta decisión pódese consultar na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no seguinte enderezo da internet: <http://aae.medioambiente.xunta.es/>.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2009.

Emilio M. Fernández Suárez
Director xeral de Desenvolvemento Sostible

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Cédula do 19 de xaneiro de 2009, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se lles notifican ás persoas interesadas os requirimentos de pagamento en relación cos procedementos de desafiuzamento administrativo P-003/05.

De conformidade cos artigos 58, 59 e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de que se intentase en dúas ocasións a notificación persoal no último domicilio coñecido, notificánselles ás persoas interesadas os requirimentos de pagamento que se detallan no anexo.

Pontevedra, 19 de xaneiro de 2009.

Eudosio Álvarez Álvarez
Delegado provincial de Pontevedra

ANEXO

Expediente: P-003/05.
Nome: Rosa Novo Dios.
Enderezo: r/ Torrecedeira, 74, 2ºJ, Vigo, Pontevedra.
Asunto: requirimento de pagamento.
Débeda: 1.151,25 €.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 2 de febreiro de 2009 pola que se lle comunica o incumprimento total á empresa Servicios de Hostelería Simahgus, S.L., titular do expediente 1A/05.2080.0052.N.0540184007, relativo á axuda ao abeiro do Convenio de apoio financeiro ás Pemes 2004-2006.

Intentada a notificación persoal e devolta polo servizo de correos ao resultar imposible a súa práctica, de conformidade co establecido no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), por esta resolución ponse en coñecemento da empresa *Servicios de Hostelería Simahgus, S.L.*, titular do expediente 1A/05.2080.0052.N.0540184007, relativo á axuda ao abeiro do Convenio de apoio financeiro 2004-2006 ás pequenas e medianas empresas subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica e as entidades financeiras (Resolución do 27 de xaneiro de 2004, DOG nº 20, do 30 de xaneiro), que con data do 19 de decembro de 2008 o director xeral do Igape resolveu declarar incumpridas totalmente as condicións de concesión da axuda e proceder á revogación da axuda concedida.

Os actos obxecto deste anuncio non se publican na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 61 da LRX-PAC. A resolución de incumprimento total esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñer potestativamente un recurso de reposición ante o director xeral do Igape no prazo máximo dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo máximo de dous meses, desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. O expediente ponse de manifesto á entidade neste centro directivo sito en Santiago de Compostela, complexo administrativo San Lázaro, s/n.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

Anuncio de contratación de estudos en materia de competencia.

Na páxina <http://www.tgdcompetencia.org> pódense consultar as bases para a adxudicación de cada un

dos seguintes contratos menores de servizos, relativos a estudos en materia de competencia:

1. Estudo sobre o mercado de alimentación animal en Galicia desde o punto de vista da competencia.

2. Estudo sobre o sector de distribución da perfumaría en Galicia desde o punto de vista da competencia.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2009.

José Antonio Varela González
Presidente do Tribunal Galego de Defensa
da Competencia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 19 de xaneiro de 2009 pola que se emprazan as partes interesadas no procedemento abreviado 226/2008, interposto por María Antonia Seijo García.

No Xulgado do Contencioso-Administrativo Único de Ferrol tramítase o procedemento abreviado número 226/2008 interposto por M^a Antonia Seijo García, contra a denegación por silencio administrativo do recurso de reposición do 5-10-2007 e contra a Resolución do 14-9-2007 pola que se eleva a definitiva a lista de persoas admitidas e excluídas no concurso de méritos convocado por Resolución do 6-3-2007 para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal laboral fixo na Universidade da Coruña.

O que se notifica, para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandados no prazo de nove días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña, 19 de xaneiro de 2009.

José María Barja Pérez
Reitor da Universidade da Coruña

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE SADA

Anuncio do resultado dun concurso de ideas.

O xurado do concurso de ideas, a nivel de anteprojectos, para execución dun complexo acuático-recrea-

tivo no Paseo Marítimo de Sada, publicado no DOG nº 173, do 8 de setembro de 2008, na súa reunión do día 15-12-2008, acordou resolver o concurso e outorgar os premios aos seguintes concursantes:

<u>Lema</u>	<u>Identidade</u>
1º premio:	
dOxeR1on:	Fernando García-Fente Varela.
2º premio:	
Dunas 111	<i>Naos 04 Arquitectos, S.L.P.</i>
3º premio	
AQQUA314	Alfredo Vázquez Varela.

Sada, 22 de decembro de 2008.

Abel López Soto
Alcalde

CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

Anuncio.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, do 29 de xaneiro de 2009, aprobouse inicialmente o proxecto de modificación do Plan Especial de Reforma Interior da Área de Repartición A-1 do polígono P-1.1 no núcleo do Piñeiral do vixente PXOM, redactado polo arquitecto Fernando J. Martínez Lamas por iniciativa de Antonio Guedella Álvarez, en representación da entidade *Construcciones Guedella, S.A.*

Acordouse, así mesmo, someter o expediente a exposición pública polo prazo dun mes, a través de anuncios publicados no DOG e en dous xornais dos de maior circulación da provincia, prazo que computará desde a derradeira publicación e durante o cal poderán presentarse as alegacións que se consideren oportunas.

San Cibrao das Viñas, 30 de xaneiro de 2009.

Elisa Nogueira Méndez
Alcaldesa

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anuncio de aprobación definitiva do estudo de detalle da parcela residencial R1 do SUNP-4 do Camiño Francés.

O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 23 de decembro de 2008, adoptou o seguinte acordo:

-Aprobar definitivamente o estudo de detalle da parcela residencial R-1 do SUNP-4 (Camiño Francés).